


PREZOS PÚBLICOS

Ao longo do curso 2020/2021 realízase a xestión de prezos públicos derivados da actividade académica e a xestión da cotización do seguro escolar.

No tocante á xestión de prezos públicos asociados á actividade académica de titulacións oficiais e propias, os ingresos do curso supoñen un total de 13.446.852 €.

Gráfica 1. Ingresos por tipo de estudo



Os ingresos por Mestrado diminuíron un 27% debido a que baixou o prezo dos que non habilitan para o exercicio profesional.


Os ingresos distribúense do seguinte xeito:

pago estudantado	8.630.627 €
exencións e bonificacións	1.168.561 €
compensación bolsa distintos organismos	3.647.664 €
TOTAL	13.446.852 €

O prezo medio por estudante é o seguinte:

Grao	697,83 €
Mestrado	616,86 €
Doutoramento	250,02 €
Programa de maiores	54,59 €


Gráfica 2. Evolución dos ingresos e matrícula



1. XESTIÓN DO PAGAMENTO

No tocante á forma de pagamento elixida distribúese do seguinte xeito:

Gráfica 3. Importe por forma de pagamento



Unha parte importante do pago en efectivo corresponde a pagos nos que non se permite a domiciliación (alumnado con pagos pendentes, certificacións...).

Gráfica 4. Estudiantes por forma de pagamento da matrícula

